Excepcionalmente, cando exista unha demanda de prazas suficiente para poder crear unha unidade internivelar (mínimo 15 nenos/as de entre 0-3 anos) o Concello poderá decidir abrir, no mes de agosto, unha escola municipal de garda.

As escolas Infantís estarán abertas de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral. Tamén permanecerán pechadas o 24 e o 31 de decembro.

As escolas infantís municipais Serra de Outes e Gregorio Sanz pecharán ademais 3 días en Nadal e 3 días en Semana Santa. As datas concretas comunicaranse coa antelación suficiente ás familias afectadas.

Vacacións:

Os menores acudirán á escola 11 meses respectando un mes de vacacións no curso escolar. Este mes de vacacións corresponderase con 22 días lectivos.

En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá admitirse a asistencia do neno ou nena durante os 12 meses do ano, en tales circunstancias deberase formular unha solicitude xustificando debidamente a necesidade. Nestes casos pagarase a cota de atención e a cota de comedor dese mes.

No mesmo prazo establecido para a reserva de praza as familias deberán entregar un formulario, facilitado pola escola, no que indicarán se precisan facer uso da escola infantil de garda durante o mes de agosto e cal será o período de vacacións do alumno que elixe a familia.

Décimo terceira. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

As normas de funcionamento das escolas infantís municipais poden consultarse na páxina web do Concello <https://concellodelugo.gal/gl/actuacions/escolas-infantis-municipais>

Décimo cuarta. SUXECCIÓN ÁS BASES DESTA CONVOCATORIA

Todas as persoas solicitantes de praza nas escolas infantís municipais quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria. A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, a baixa no centro así como ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera outra índole que legalmente procedan.

Décimo quinta. PREZOS

Os prezos que deberán aboar as persoas usuarias e as normas de aplicación dos mesmos, serán os establecidos na Ordenanza fiscal nº 116. Taxas pola prestación de servizos nas escolas infantís (0-3 anos) municipais vixente, que se pode consultar na anterior ligazón e que se refiren aos servizos complementarios xa que a atención educativa é gratuita excepto durante o mes de agosto.

Décimo sexta. RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS

Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases aclararase por resolución do Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, con base no informe da Comisión de Valoración, así como toda casuística non recollida nas ditas bases.

Décimo sétima. GRUPO MÍNIMO NAS ESCOLAS INFANTIS

Para os efectos da selección de horario por parte das familias establécese que o grupo mínimo de nenas/os será de oito.

Décimo oitava. BAIXAS NAS ESCOLAS INFANTIS

Causarase baixa nas escolas infantís por algunha das seguintes causas:

- Polo cumprimento da idade máxima de permanencia no centro.
- A solicitude das/os nais/pais ou representantes legais. Neste caso, a solicitude de baixa terá que presentarse no rexistro xeral do Concello ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre antes do día 20 do mes anterior ao mes no que queiran deixar a escola. De non ser así, as persoas usuarias deberán aboar a cota correspondente a ese mes, sen posibilidade de devolución. As baixas na escola computaranse por mes completo no caso de incumprimento do establecido anteriormente.
- Polo non pagamento da parte do prezo establecido non aboado pola Xunta de Galicia durante dous meses consecutivos ou tres alternos, calquera que sexa o curso escolar a que se refire a débeda, sen prexuízo da reclamación da débeda polo procedemento regulamentariamente establecido. (No caso dos alumnos que asistan durante o mes de agosto deben aboar os servizos complementarios e a atención educativa).
- Pola comprobación de falsidade nos documentos ou datos achegados.
- Pola incompatibilidade ou inadaptación do alumno manifesta para permanecer no centro.
- Pola falta de asistencia continuada durante un mes sen causa xustificada ou por reiteradas faltas de asistencia inxustificadas, en períodos continuados de tempo que supoñan unha duración superior a trinta días,
- Polo reiterado incumprimento da puntualidade na asistencia e/ou recollida do/da menor sen causa xustificada
- Polo incumprimento reiterado da normativa do centro

Décimo novena. CADRO DE BAREMO

1.- SITUACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Por cada persoa que forma a unidade familiar, tal como resulta definida na Lei do Imposto da Renda das persoas físicas.(Lei 25/2006 do 28 de novembro, art.82 e art.83)	2
Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea a cargo desta. (Para efectos deste baremo están a cargo da unidade familiar as persoas que, convivindo no domicilio, teñen ingresos inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, e estean tuteladas por un dos cónxuxes.)	1
No caso de que un dos proxenitores teña descendentes que non formen parte da unidade familiar actual pero contribúan economicamente ao seu sustento.	1
No caso de separación legal ou custodia compartida do proxenitor solicitante que forma unidade familiar co menor para o que se solicita praza	3
No caso de que a nena ou neno para quen se solicita praza naceuse nun parto múltiple	1
Por cada membro da unidade familiar, afectado por discapacidade, enfermidade que requira internamento periódico, mulleres vítimas de violencia de xénero, alcoholismo ou drogodependencia.	2
Pola condición de familia monoparental (núcleo familiar composto por unha única proxenitora ou proxenitor que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, as fillas ou fillos menores ao seu cargo, sempre que a outra proxenitora ou proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento-art.13, Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia)	3
Por ausencia do fogar familiar da nai ou do pai (Enténdese a estes efectos cando a ausencia dun dos proxenitores se debe a causas penais)	3

Pola condición de familia numerosa (A integrada por un ou dous ascendentes con tres ou máis fillos, sexan ou non comúns e, demais supostos recollidos no art.2 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título establecido ao efecto)		3
Cando a persoa solicitante sexa deportista de alto nivel ou de alto rendemento deportivo, ou teña a condición de entrenadora, técnica, xuíz/a ou árbitro/a de alto nivel deportivo recoñecido pola Comunidade Autónoma de Galicia		1
Outras circunstancias familiares debidamente acreditadas		3
2.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR		PUNTOS
Situación laboral de ocupación: – No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous. – Equipáranse a esta situación aquelas excedencias cuxa data de incorporación sexa anterior ao 1 de setembro do ano en curso así como a situación de estudante de estudos regrados no momento da solicitude de praza que estean debidamente acreditadas	Nai	8
	Pai	8
Situación laboral de desemprego: – No caso de familias monoparentais adxudicaráselles a puntuación do epígrafe correspondente computado por dous. (Valorarase tal condición de demandante de emprego na data de publicación da convocatoria no BOP).	Nai	2
	Pai	2
Percepción de tramo de inserción (RISGA)	Nai	3
	Pai	3
3.- SITUACIÓN ECONÓMICA (RPC ¹ anual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples-IPREM ²):		VALORACIÓN
Inferior ao 30% do IPREM (menor ou igual a 2.160,00€)		+4 Puntos
Entre o 30% e o 50 % do IPREM (de 2.160,01 a 3.600,00€)		+3 Puntos
Superior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM (de 3.600,01 a 5.400,00€)		+ 2 Puntos
Entre o 75% e o 100% do IPREM (de 5.400,01 a 7.200,00€)		+1 Puntos
Superior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM (de 7.200,01 a 9.000,00€)		-1 Puntos
Entre o 125% e o 150% do IPREM (de 9.000,01 a 10.800,00€)		-2 Puntos
Superior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM (de 10.800,01 a 14.400,00€)		-3 Puntos
Igual ou superior ao 200% do IPREM (máis de 14.400,01€)		-4 Puntos

1. Cálculo RPC: Suma dos apartados 435 e 460 da declaración da renda do último exercicio de ámbolos dous proxenitores, dividido entre o número de membros da unidade familiar

2. **Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) 2025:** 7200,00€/anuais (12 pagas)

No caso de **familias monoparentais**, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar a efectos do cálculo económico.

Os **menores de idade** non emancipados legalmente, non poderán ser solicitantes de prazas nas escolas, facéndose cargo da solicitude de praza os proxenitores destes, ou persoas que exerzan a súa representación

legal ou titoría. A efectos de aplicación do baremo respecto da situación económica familiar, serán computados os ingresos da unidade familiar da persoa solicitante segundo o establecido pola Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio.

Vixésima. RESOLUCIÓN DE EMPATES

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade ás solicitudes con unha renda per cápita máis baixa e a continuación as solicitudes de xornada completa con servizo de comedor sobre as de media xornada.

Se persiste o empate resolverase por sorteo.

Vixésimo primeira. ASIGNACIÓN DA ESCOLA INFANTIL.

Para a determinación da escola municipal concedida no procedemento ordinario terase en conta a preferencia marcada na solicitude en primeira opción e a puntuación total obtida na aplicación do baremo .

Para a listaxe de espera única por tramos de idade común ás catro escolas non se terá en conta a preferencia de escola marcada na solicitude, unicamente a puntuación total obtida na aplicación do baremo.


SEGUNDO: Dar publicidade a esta convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, no Taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello de Lugo.

TERCEIRO: Contra esta resolución caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 19/1998, do 13 de xullo), de Lugo, ou, a elección do demandante, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes, contado desde o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen convinte ao seu dereito.

Así mesmo, déase traslado as dependencias e servizos municipais afectados.

Cúmprase.

Lugo, 17 de febreiro de 2025.- A alcaldesa, P.D. A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua en suplencia do Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento (Decreto núm. 4036/2024), Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

 Concello de Lugo	MODELO 351 PROCEDEMENTO J004								
<p>SOLICITUDE: PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS</p> <p>SINALE POR ORDE DE PREFERENCIA CON 1, 2 , 3 e 4.</p> <p>(o feito de non indicar a preferencia nas catro escolas será interpretado pola Administración como renuncia expresa da persoa solicitante ás escolas non marcadas con número)</p> <table border="1" data-bbox="284 510 863 768"> <tr> <td style="width: 30px; height: 25px;"></td> <td>ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES</td> </tr> <tr> <td style="width: 30px; height: 25px;"></td> <td>ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ</td> </tr> <tr> <td style="width: 30px; height: 25px;"></td> <td>ESCOLA INFANTIL LUÍS SOTO MENOR</td> </tr> <tr> <td style="width: 30px; height: 25px;"></td> <td>ESCOLA INFANTIL MARÍA WONENBURGER</td> </tr> </table> <p>NOTA IMPORTANTE: Non empregar X, sinalar con números</p>			ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES		ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ		ESCOLA INFANTIL LUÍS SOTO MENOR		ESCOLA INFANTIL MARÍA WONENBURGER
	ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES								
	ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ								
	ESCOLA INFANTIL LUÍS SOTO MENOR								
	ESCOLA INFANTIL MARÍA WONENBURGER								

DATOS DO PROXENITOR -1 (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

1º APELIDO:	2º APELIDO	NOME:
DNI/NIE:	ENDEREZO:	
CÓDIGO POSTAL:	CONCELLO:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

DATOS DO PROXENITOR- 2 (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

1º APELIDO:	2º APELIDO	NOME:
DNI/NIE:	ENDEREZO:	
CÓDIGO POSTAL:	CONCELLO:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (cubrir só se é diferente da anterior)

ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO (só se desexa comunicación electrónica)	

DATOS DA NENA OU NENO PARA QUEN SE SOLICITA A PRAZA

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:
DATA DE NACEMENTO:		DNI/NIE:

DECLARACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR

APellidos e Nome	Data de Nacemento	Parentesco	Situación Laboral
Número de persoas que forman a unidade familiar:			

SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

Número de persoas que, non formando parte da unidade familiar, están a cargo dela: _____

Número de persoas, incluída a solicitante, con enfermidade e/ou discapacidade física, psíquica ou sensorial, mulleres vítimas de violencia de xénero, alcoholismo ou drogodependencias: _____

En caso de que a nena ou neno para o que se solicita a praza nacesse nun parto múltiple: SI NON

Separación legal ou custodia compartida do proxenitor solicitante que forma unidade familiar co menor SI NON

Familiar monoparental SI NON

Ausencia do fogar familiar da nai ou do pai (so causas penais) NAI PAI

Condición de familia numerosa SI NON

Irmá ou irmán con praza renovada no centro para o ano solicitado SI NON

Fillo ou filla de persoal traballador na escola infantil para a que se solicita a praza SI NON

A persoa solicitante é deportista de alto nivel, xuíz ou árbitro, (recoñecido pola Xunta de Galicia) SI NON

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

En situación de ocupación laboral	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/> PAI
En situación de desemprego	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/> PAI
Percepción de RISGA	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/> PAI
Outras situacións laborais debidamente acreditadas	<input type="checkbox"/> NAI	<input type="checkbox"/> PAI

HORARIO QUE SOLICITA (a permanencia das/os nenas/os na escola infantil municipal será con carácter xeral dun máximo de 8 horas diarias e continuadas (art 26.5 do Decreto 329/2005, de 28 de xullo).

HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
<input type="checkbox"/> 8:00 horas	<input type="checkbox"/> 12:00 horas <input type="checkbox"/> 13:30 horas <input type="checkbox"/> 16:00 horas
<input type="checkbox"/> 9:30 horas	<input type="checkbox"/> 12:00 horas <input type="checkbox"/> 13:30 horas <input type="checkbox"/> 16:00 horas <input type="checkbox"/> 17:30 horas (EIM María Wonenburger e EIM Luis Soto Menor)
<input type="checkbox"/> 11:00 horas	<input type="checkbox"/> 13:30 horas <input type="checkbox"/> 16:00 horas <input type="checkbox"/> 18:00 horas (EIM María Wonenburger e EIM Luis Soto Menor)
<input type="checkbox"/> 15:30 horas (só nas EIM María Wonenburger e Luis Soto Menor)	<input type="checkbox"/> 20:00 horas (EIM María Wonenburger e EIM Luis Soto Menor: cun grupo mínimo de 8 nenas/os)

Lugo, _____ de _____ de 20__

PROXENITOR -1

Asdo.: _____

PROXENITOR -2

Asdo.: _____

ANEXO I

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ACCEDA AOS DATOS DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA A CONTINUACIÓN A EFECTOS DE SOLICITUDE DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS

Esta autorización outógase exclusivamente para a solicitude de información a outras administracións públicas para os efectos da aplicación do baremo establecido para a adxudicación das prazas existentes na “**Convocatoria anual 2025 de prazas vacantes nas escolas infantís municipais Serra de Outes, Gregorio Sanz, Luís Soto Menor e María Wonenburger**”:

A documentación que se solicitará será:

- Documentación acreditativa dos datos fiscais da **certificación do último exercicio fiscal** á Axencia Tributaria en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.
- Documentación da Seguridade Social: Informe da Vida Laboral na data da publicación da convocatoria no BOP. **As persoas traballadoras que non estean no réxime xeral da Seguridade Social deberán presentar xustificante de ocupación.**
- Documentación acreditativa de estar inscritos como demandantes de emprego na data de publicación da convocatoria no BOP.
- Documentación acreditativa de percepción da Renta de Inclusión Social de Galicia, RISGA, na data de publicación da convocatoria no BOP.

D./D. ^a (Proxenitor 1 ou persoa que exerce a titoría):		DNI/NIE:
ENDEREZO NOTIFICACIÓN:		LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:
CORREO ELECTRÓNICO		

D./D. ^a (Proxenitor 2 ou persoa que exerce a titoría):		DNI/NIE:
ENDEREZO NOTIFICACIÓN:		LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:
CORREO ELECTRÓNICO		

Lugo, _____ de _____ de 20___

Sinatura do proxenitor 1

Asdo: _____
(nome e apelidos)

Sinatura do proxenitor 2

Asdo: _____
(nome e apelidos)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016*, e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos para a tramitación da solicitude de prazas vacantes nas escolas infantís municipais para o curso 2019/2020, segundo convocatoria anual de prazas vacantes nas escolas de referencia, serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área de Educación e infraestruturas urbanas, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta declaración supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos desta solicitude comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal. **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** www.lugo.gal/portal/titularidad



RESERVA DE PRAZA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS
(Risque na escola na que está matriculado actualmente o menor)

- ESCOLA INFANTIL SERRA DE OUTES
- ESCOLA INFANTIL GREGORIO SANZ
- ESCOLA INFANTIL LUÍS SOTO MENOR
- ESCOLA INFANTIL MARÍA WONENBURGER

DATOS DO PROXENITOR 1 (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

1º APELIDO:	2º APELIDO	NOME:
DNI/NIE:	ENDEREZO:	
CÓDIGO POSTAL:	CONCELLO:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

DATOS DO PROXENITOR 2 (NAI, PAI OU PERSOA QUE EXERCE A TITORÍA LEGAL)

1º APELIDO:	2º APELIDO	NOME:
DNI/NIE:	ENDEREZO:	
CÓDIGO POSTAL:	CONCELLO:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (cubrir só se é diferente da anterior)

ENDEREZO:	CÓDIGO POSTAL:
CONCELLO:	PROVINCIA:
CORREO ELECTRÓNICO (só se desexa comunicación electrónica):	

DATOS DA NENA OU NENO PARA QUEN SE RESERVA A PRAZA

1º APELIDO:	2º APELIDO:	NOME:
DATA DE NACEMENTO:		DNI/NIE:

DECLARACIÓN DATOS DAS PERSOAS QUE FORMAN A UNIDADE FAMILIAR

APellidos e Nome	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL
Número de persoas que forman a unidade familiar:			

O HORARIO QUE SE SOLICITA ACORDARESE COA DIRECCIÓN DA ESCOLA NO MOMENTO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**ANEXO I****AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE LUGO ACCEDA AOS DATOS DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR RELACIONADOS A CONTINUACIÓN A EFECTOS DO CÁLCULO DA COTA QUE LLE CORRESPONDE ABOAR NO CURSO 2025-2026 NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS**

Esta autorización outórgase exclusivamente para os efectos do cálculo da cota que deberá aboar a familia de acordo coa Ordenanza Fiscal núm. 116, o Concello de Lugo accederá á documentación seguinte:

- Datos fiscais da certificación do último exercicio fiscal da Axencia Tributaria, en aplicación do artigo 95.1k) da Lei 58/2003 xeral tributaria, que permiten, logo da autorización da persoa interesada, a cesión dos datos tributarios que precisen as administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

Lugo, _____ de _____ de 20__

Lugo, _____ de _____ de 20__

PROXENITOR 1

Asdo: _____

(nome e apelidos)

PROXENITOR 2

Asdo: _____

(nome e apelidos)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016*, e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos para a tramitación da solicitude de prazas vacantes nas escolas infantís municipais para o curso 2019/2020, segundo convocatoria anual de prazas vacantes nas escolas de referencia, serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área de Educación e infraestructuras urbanas, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta declaración supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos desta solicitude comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal. **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:** www.lugo.gal/portal/titularidad

R. 0450

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.02.2025 prestouse aprobación á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2025 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS incluíndo na mesma as seguintes prazas:

	FUNCIONARIOS				
Praza	Posto	Escala	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Policía Local	Oficial Policía Local	Administración Especial	1	C1	PI/MOB/OL
Auxiliar	Auxiliar Administrativo	Administración Xeral	1	C2	O.L.
Administrativo	Administrativo	Administración Xeral	1	C1	O.L.
Bibliotecaria - responsable arquivo	Técnico/a	Administración Xeral	1	A1	O.L.
	LABORAIS:				
Praza	Posto	Nivel titulación	Vacantes	Grupo	Sistema Provisión
Oficial	Oficial Cemiterio	ESO	1	C2	O.L.
Oficial	Oficial de Obras	ESO	2	C2	O.L.

Monforte de Lemos, 13 de febreiro de 2025.- A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0451

O PÁRAMO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de febreiro de 2025, aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva transcríbese literalmente:

“ Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto talles, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que por causa de enfermidade resulta necesario substituír ao Alcalde en tódalas función propias do cargo.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. *Delegar en D. Benjamín García Toirán, primeiro tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en tanto perdure a situación de enfermidade.*

SEGUNDO. *A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.*

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada en o Boletín Oficial da Provincia, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen nas devanditas normas.

Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, se o considera conveniente.”

O que remito publícase, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O Páramo, 12 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 0452

Anuncio

CONVOCATORIA PARA ELECCIÓN DE Xuíz de Paz TITULAR do Concello de O Páramo (Lugo)

EDICTO

DON BENJAMÍN GARCÍA TOIRÁN, 1º Tte. Alcalde do Concello de O Páramo (Lugo), fai público que por Decreto de data 14/02/2025, resolveu convocar a provisión da vacante do cargo de Xuíz de Paz Titular de O Páramo (Lugo); Resolución que se transcribe literalmente:

“Visto o escrito recibido neste Concello remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e en cumprimento do acordado polo Excmo. Sr. Presidente do Tribunal Superior de Xustiza, conforme ao que se pon en coñecemento deste Concello que deberá proceder á provisión de vacante do cargo de Xuíz de Paz TITULAR de O Páramo (Lugo), e se insta a iniciar o procedemento para nova designación; esta Tte. Alcaldía, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Abrir un prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia de Lugo, para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, soliciten deste Concello, por escrito, ser elixidos para ditos cargos polo Pleno do Concello, por un período de catro anos e cuxo nomeamento se efectuará pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEGUNDO: Requisitos para tomar parte na convocatoria:

- a. Estar en posesión da nacionalidade española.
- b. Ser maior de idade.
- c. Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial
- d. Ser residente nesta localidade (sede do Xulgado de Paz).

- e. *Non estar incurso nalgunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 389)*

TERCEIRO: *Os/as interesados/as presentaran a correspondente solicitude, no Rexistro Xeral deste Concello en horario de atención ao público (de 9:00 horas a 15:00 horas de luns a venres) ou no Rexistro Electrónico deste Concello (Sede Electrónica). Ademais as solicitudes tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios que regula o artigo 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo ao correo electrónico concello.oparamo@eidolocal.es, achegando copia da solicitude rexistrada.*

Á citada solicitude achegarase a seguinte documentación:

- a. *Copia do DNI*
- b. *Xustificación dos méritos que, no seu caso alegue o/a solicitante.*

CUARTO: *Publicar esta Resolución no BOLETÍN OFICIAL da Provincia, no Taboleiro de Anuncios deste Concello, na Sede electrónica do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Sarria e no propio Xulgado de Paz de O Páramo, e todo isto de conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento 3/1995, de 7 de Xuño, dos Xuíces de Paz."*

O Páramo, 14 de febreiro de 2025.- O Alcalde, P.D. O 1º Tenente de Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0453